


ANEXO VIII: XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA E CONFORMIDADE COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)

O día 10 de febreiro de 2011, o Consello da Xunta aproba definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), que se publican no DOGA nº37 de 23/02/2011. As DOT constitúen o elemento central do conxunto de instrumentos de ordenación do territorio contemplados na “Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia”. Estes instrumentos configuran un sistema de planificación que parte da concepción global do territorio e acada a acción específica de carácter sectorial.

Transcríbense e a continuación as consideracións que as DOT establecen no territorio do Concello da Estrada ao ser este pertencente á rede do Sistema urbano intermedio:





2.7. O SISTEMA URBANO INTERMEDIO

2.7.1. O papel territorial do Sistema urbano intermedio

H. O sistema central Lalín - A Estrada

As vilas de Lalín e A Estrada son dous núcleos dinámicos, que historicamente desenvolveron funcións como centros comarcais. Constitúen elementos de relación e conexión costa -interior do sistema urbano de Galicia pois ocupan unha posición central no territorio da Comunidade. Lalín é a encrucillada das rutas de conexión de Lugo coas Rías Baixas e de Ourense con Santiago e a Rexión urbana Ártabra, o que, unido á boa dotación de solo empresarial, contribúe a reforzar o seu papel como posible nodo loxístico do interior de Galicia; mentres que A Estrada ocupa unha posición moi próxima ao denominado eixo urbano do Atlántico e é o principal centro urbano entre Santiago e Pontevedra, polo interior.

A conexión, mediante unha nova autovía, entre Santiago e A Estrada, a conexión Dozón -Ourense, Dozón -Santiago, Cerdedo -Forcarei, mediante autovía, e os eixos Pontevedra -Cerdedo -Lalín e a prolongación da vía de altas prestacións Santiago -A Estrada ata Cerdedo/Forcarei son infraestruturas que fortalecerán aínda máis os vínculos deste espazo coas dinámicas do Eixo Atlántico. Este conxunto territorial reforzará a súa centralizade coa futura autovía de conectividade entre Pontevedra e Lugo.

A localización destas vilas, a súa dimensión urbana e o seu dinamismo económico configúranas como cabeceiras dun ámbito que debe potenciarse coas novas conexións de gran capacidade previstas para comunicar entre si as principais cidades de Galicia. Silleda, a medio camiño entre ambas, é un núcleo con vocación de subcabeceira neste espazo. Conta este subsistema cunha base económica diversificada, cun conglomerado de PEMES especializadas e competitivas e unha valorización dos recursos endóxeos, entre as que destaca o sector do moble na Estrada e o da moda en Lalín.

Trátase de núcleos dinámicos que poden potenciarse a través de melloras na súa calidade urbana e na súa oferta de servizos. A clave é estimular as actividades produtivas e mellorar a súa capacidade competitiva. As melloras infraestruturais que se suxiren neste documento serán decisivas para sacar partido ás súas vantaxes de localización no centro de gravidade de Galicia e a pouca distancia dos principais centros urbanos da Comunidade. A oferta de solo empresarial convértese así nunha estratexia de interese para o asentamento de novas empresas.

Para xustificar a integración do documento de plan xeral nas actuais Directrices de Ordenación do Territorio, se redacta a presente memoria seguindo a estrutura do documento das DOT, en canto as Determinacións sobre os aspectos clave que poidan afectar ao Concello da Estrada, tanto nas súas determinacións excluínates como na maioría das orientativas, remitindo ás partes do documento do Pxom onde se realiza a correspondente xustificación.

1.- OBXECTIVOS XERAIS E ESTRUCTURA BÁSICA DO MODELO TERRITORIAL

1.1. As Directrices proporcionan as referencias territoriais para a formulación das actuacións con incidencia territorial polo que as distintas administracións deberán axustarse ás súas determinacións.

O Plan xeral do Concello da Estrada, como instrumento de Ordenación e Planificación do solo de carácter municipal se axusta as determinacións indicadas nestas Directrices, tal e como queda



reflectido no documento, para os distintos aspectos incidentes no ámbito territorial da Estrada.

1.4. Os instrumentos de ordenación territorial, os restantes da planificación sectorial, así como os instrumentos de planeamento urbanístico, deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas Directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto nas DOT.

Xustifícase no presente anexo do documento do PXOM a coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas DOT incorporando a valoración de correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto en ditas Directrices.

1.5 Os instrumentos de ordenación territorial e os instrumentos de planeamento urbanístico serán sometidos ao procedemento de Avaliación ambiental estratéxica ou ao procedemento de Avaliación de impacto ambiental atendendo á normativa de aplicación e ao exercicio do órgano ambiental competente.

O plan xeral someteuse ao proceso de Avaliación ambiental estratéxica atendendo á normativa de aplicación e ao exercicio do órgano ambiental competente, no seu caso, a Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas.

O documentos pertencentes ao proceso de dita Avaliación ambiental (Documento de inicio, Documento de referencia, Informe de sostibilidade ambiental, Informe sobre as determinacións para a elaboración da memoria ambiental, Proposta de memoria ambiental e a Memoria ambiental aprobada polo órgano competente) están contidos no **TOMO IV. Avaliación Ambiental Estratéxica**.

1.6 As administracións públicas que desenvolvan actuacións con incidencia territorial actuarán axustándose aos principios de información mutua, colaboración e coordinación co obxectivo de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos.

O plan xeral realizou nos seus prazos correspondentes as consultas ás diferentes administracións públicas afectadas directamente polo mesmo, sendo remitido o documento completo para a emisión dos correspondentes informes, adaptándose posteriormente as indicacións emitidas polas mesmas e deu audiencia aos concellos limítrofes (Silleda, Vedra, Teo, Boqueixón, Campo Lameiro, Cerdedo, Padrón, Cuntis, Valga, Pontecesures e Forcarei) para corrección de erros ou valoración de posibles propostas. Todo isto queda recollido no **Informe de Participación pública** incluído no documento.

2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS

2.2 Determinacións para os nodos do sistema urbano intermedio

2.2.2. Os plans, programas e actuacións en materia de infraestruturas, equipamentos, vivenda de protección oficial e creación de solo empresarial potenciarán o papel territorial destes nodos urbanos, promovendo iniciativas que prioricen o seu fortalecemento.

O desenvolvemento dos novos solos programados polo Plan xeral, tanto de carácter residencial (vivenda libre e vivenda de protección oficial) como de carácter empresarial (terciario e industrial) así como a construción das novas infraestruturas programadas e os novos espazos destinados a dotacións (zonas verdes e equipamentos) potenciarán o papel territorial da Estrada como nodo urbano do sistema urbano intermedio de Galicia.



2.2.3 O planeamento urbanístico destas vilas e pequenas cidades deberá potenciar as dinámicas urbanas proporcionando unha estrutura urbana sólida e prever una reserva de solo axeitada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal, que non poidan atopar acomodo nos niveis urbanos e rurais de menor rango, para o cal neste núcleo as ratios de reservas dotacionais por habitante deberán ser incrementadas.

O Plan xeral potencia o como principal desenvolvemento, o núcleo urbano existente, no cal se implantan a maior parte dos sistemas xerais existentes e programados do concello. Queda patente ademais na memoria xustificativa, que o Concello posúe do dobre de metros cadrados destinados a sistemas xerais de equipamentos comunitarios dos que a lei prevé para a poboación que se estima como crecemento, por este motivo pódese entender que os ratios por habitante son superiores aos que o concello precisa e por tal motivo pode dar acomodo a niveis urbanos e rurais de inferior rango.

3. O DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS, DAS ÁREAS EMPRESARIAIS E DAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS.

3.1. Determinacións para o desenvolvemento e ordenación dos asentamentos.

3.1.2. So poderán ter a consideración de ámbitos para o desenvolvemento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que , de acordo coa lexislación urbanística e os criterios e determinacións destas DOT, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable.

O plan xeral clasifica como ámbitos para o desenvolvemento urbano unicamente aqueles solos que reúnen os requisitos de acordo coa lexislación aplicable para solo, tal e como queda reflectido no Tomo II. Memoria xustificativa do documento.

3.1.3. Os instrumentos de ordenación do territorio e os plans xerais de ordenación municipal identificarán aqueles asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación para acadar os obxectivos de calidade de vida, cohesión social, e integridade ambiental e paisaxística propostos no modelo territorial destas Directrices. Con dito fin, se lles outorgará a clasificación urbanística que lle corresponda atendendo á lexislación vixente.

O Plan xeral identifica aqueles asentamentos xurdidos á marxe do planeamento, que non se integran na malla urbana e que precisan de acción de recualificación , outorgándolles a clasificación de solo urbanizable delimitado de conformidade coas determinacións da disposición adicional decimo terceira da LOUG, coa finalidade de conseguir, mediante o desenvolvemento dos correspondentes plans parciais, o grao de urbanización precisa para que estes solos acaden as condicións de calidade de vida, cohesión social e integración ambiental e paisaxística adecuados.

3.1.4. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificativo da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia. Ademais, deberán cuantificar e analizar o parque actual de vivenda e o seu estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso e valorar as medidas que, de ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas, así como de estímulo á



rehabilitación.

O Plan xeral fundamenta as súas previsións de crecemento residencial no estudio socioeconómico realizado para o desenvolvemento do documento e que se inclúe como anexo no Tomo II. Memoria xustificativa.

3.1.5. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico:

a. Non poderán conter previsións de crecementos residenciais desvincellados dos asentamentos preexistentes ou daquelas áreas de recualificación identificadas ao obxecto de reconducir as dinámicas de ocupación do territorio incompatible cun modelo de desenvolvemento sustentable.

O Plan xeral non prevé ningún crecemento residencial desvincellado dos asentamentos preexistentes. O crecemento residencial proposto en solos de desenvolvemento atopase vinculado ao solo urbano do concello e o resto de crecemento residencial está vinculado ben á compactación do solo urbano consolidado residencial ou ben aos asentamentos pertencentes a núcleos rurais, tal e como queda definido no Tomo II. Memoria xustificativa.

b. Deberán garantir a mobilidade prestando especial atención a fórmulas de transporte sostible (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.) en función das necesidades e características de cada un deles en concreto, para o cal, contemplarán as análises necesarias baseadas na consideración das necesidades de desprazamento existentes e derivadas das previsións do planeamento.

O Plan xeral potencia a mobilidade coa creación do viario de circunvalación que bordea o solo urbano a modo de ronda verde que pretende fomentar o emprego de sistemas de mobilidade alternativos ao vehículo privado, a través da artellación dun carril bici, da construción dunha ampla banda de beirarrúas que favoreza o tránsito a pé e a urbanización da mesma harmónica co medio, tal e como queda definido no Tomo II. Memoria xustificativa así como no Informe de Sostibilidade Ambiental.

c. A localización de centros atractores de desprazamentos (centros comerciais, grandes desenvolvementos residenciais, hospitais, etc.) considerará a súa articulación coas devanditas fórmulas de transporte sostible.

Os desenvolvementos que o plan xeral propón como centros de atractores de desprazamentos a modo de solos urbanizables residenciais e terciarios atópanse vinculados ao viario de circunvalación descrito no punto anterior, polo que a súa articulación coas devanditas fórmulas de transporte sostible son as xa mencionadas.

d. Priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior.

A maior parte do crecemento que o plan xeral programa para o concello está directamente vinculado ao único solo urbano residencial existente, facendo que prime a compactación do



mesmo fronte a expansión sobre terreos en estado natural tal e como queda indicado no capítulo 10 do Tomo II. Memoria xustificativa.

e. Establecerán medidas tendentes á incorporación de usos deficitarios (distintos do residencial) e á mestura de usos complementarios, evitando ordenacións monofuncionais e segregacións económicas e sociais.

O plan xeral define a porcentaxe de uso máxima en ámbitos de tipoloxía residencial obrigando a destinar un mínimo da edificabilidade a usos complementarios, evitando deste xeito as ordenacións monofuncionais, tal e como queda reflectido nas fichas de ordenación dos ámbitos de desenvolvemento incluídas no Tomo V.

f. Incluirán a perspectiva do metabolismo urbano nas súas análises de partida na medida do posible, contemplando medidas para a súa mellora atendendo ás consideracións contidas na Memoria destas DOT.

O plan xeral inclúe as análises de partida como alternativas de proposta, sobre as cael se realizaron sucesivas modificacións e cambios coa incorporación de criterios ambientais, urbanísticos e de viabilidade económica e social, co meirande grao de equilibrio e consenso posible ata acadar a alternativa definitiva tal e como queda reflectido no Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) incluído no documento.

g. Deberán conter as análises e a planificación correspondente para que o organismo de cunca correspondente poida avaliar a garantía da existencia de reservas de auga suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, da recollida da auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sostible, para as necesidades presentes e futuras da poboación e actividades existentes, de maneira que non se permitan novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizo a teito de planeamento.

O plan xeral contén no Anexo III. Infraestruturas de servizos técnicos do Tomo II. unha análise das redes e servizos existentes tanto en materia de abastecemento e saneamento e a planificación de ampliacións ou reforzos para poder cubrir as necesidades presentes e futuras que o planeamento programa, documentación revisada polo organismo de cunca correspondente e informada favorablemente mediante o correspondente informe sectorial.

h. Incluirán unha parte de análise, caracterización e diagnóstico das principais actividades socioeconómicas do concello, en termos tanto de ocupación do territorio, como de ocupación da poboación activa, así como das respectivas estratexias de acción futura, nomeadamente no que atinxe á utilización do solo.

O Plan xeral inclúe un estudo socioeconómico como anexo no Tomo II. Memoria xustificativa, no que se analizan, caracterizan e diagnostican as principais actividades socioeconómicas do concello.



3.1.8. Os instrumentos municipais de planeamento regularán os asentamentos rurais atendendo como mínimo a unha serie de criterios: tamaño medio da parcela edificable, criterios de compactación, tipoloxía construtiva, funcionalidade e dinámica dos núcleos, a disposición das edificacións e as actividades económicas, nomeadamente as agrarias, de cara a garantir a compatibilidade entre a calidade do hábitat e a viabilidade demográfica dos asentamentos rurais.

O Plan xeral analiza as entidades de poboación existentes no concello, a distribución das mesmas no territorio, a súa dinámica de crecemento en canto a evolución de poboación e número de vivendas, así como a tipoloxía e características dos asentamentos no capítulo 3. Análise do modelo de asentamento poboacional pertencente ao Tomo III do documento. Ademais, no mesmo capítulo séntanse as bases para a nova ordenación dos mesmos en función da tipoloxía construtiva, o tamaño medio de parcela, o grao de consolidación...

O Plan xeral xustifica a ordenación e delimitación do solo de núcleo rural en base aos criterios indicados no parágrafo anterior no capítulo 7. Ordenación do solo de núcleo rural do Tomo II.

3.1.9. Na delimitación dos núcleos rurais dos asentamentos de tipo polinucleares, prestarase especial atención á existencia de lazos de cohesión que garantan a súa integración como tales.

O Plan xeral reconece os núcleos rurais que cun mesmo topónimo posúen unha tipoloxía de asentamento polinuclear, os cales se delimitan en función da relación entre os distintos asentamentos, tal e como queda reflectido nos Planos de Ordenación dos núcleos rurais incluídos no Tomo VIII.

3.1.10. A fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar as novas edificacións.

O Plan xeral deseña deseña á escala pertinente os viarios internos nos que será posible consolidar novas edificacións a fin de evitar os crecementos lineais, tal e como queda reflectido nos Planos de Ordenación dos núcleos rurais incluídos no Tomo VIII.

3.1.11. Respecto aos núcleos rurais, o planeamento urbanístico deberá estudar as necesidades de crecemento, así como a tipoloxía do modelo de asentamentos rural, identificando as dinámicas recentes de transformación, e evitando conxuntos indiferenciados.

O Plan xeral identifica a tipoloxía dos asentamentos rurais en función da súa condición de núcleo tradicional ou núcleo de recente formación, tal e como indica a LOUG, e deseña os mesmos en función das necesidades de crecemento dos mesmos, tal e como queda reflectido nos Tomos II e III do documento.

3.1.14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e tecnolóxicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, debendo estes terreos expostos, quedar excluídos do proceso urbanizador e ,en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco.



Para a análise destes riscos naturais e tecnolóxicos partírase das delimitacións e estimacións realizadas polos órganos sectoriais competentes en cada caso, ou se procedese, empregaranse as fontes e metodoloxías de cálculo e estimación que estes establezan.

O Plan xeral conten unha análise dos riscos naturais e tecnolóxicos aos que se expón o territorio no punto 2.6 do Tomo III e a súa exclusión do proceso urbanizador aparece xustificada no documento de Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) incluído no Tomo IV. Avaliación ambiental estratéxica.

3.1.15. O diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas terá en conta, entre outras, as seguintes cuestións:

- a. A evolución recente do parque de vivenda e as tendencias na demanda.
- b. As dinámicas demográficas, as variacións estacionais de poboación e a evolución da estrutura familiar.
- c. As consecuencias derivadas da implantación de actividades produtivas ou de novas infraestruturas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica.
- d. A posición no territorio, e a función que desempeña cada termo municipal dentro do sistema territorial no que se integra.

O diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas que o Plan xeral propón, o cal ten en conta as cuestións apuntadas neste apartado, atópase incluído no estudo socioeconómico realizado para o desenvolvemento do documento e que se inclúe como anexo no Tomo II. Memoria xustificativa.

3.1.16. Os Plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación do territorio resolverán as necesidades de crecemento de conformidade cos principios de sostibilidade e atendendo aso seguintes criterios:

- a. Prestarase especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a súa inserción topográfica, a relación co seu contorno máis próximo, as actividades realizadas nese contorno próximo e seu encadre parroquial, morfoloxía viaria e parcelaria, tipoloxías arquitectónicas, elementos patrimoniais e a paisaxe que entre eles compoñen.

O Plan xeral, como xa indicou en apartados anteriores, presta especial atención ás características propias de cada asentamento para a súa identificación e delimitación.

- b. No interior das áreas urbanas preveranse espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas como a redución ou mitigación da contaminación, a integración en corredores ecolóxicos ou a drenaxe e no seu caso depuración de augas de escorrenta.

O Plan xeral, tal e como indica no apartado 3.2 Obxectivos de ordenación do Tomo II, estrutura unha serie de espazos libres vinculados á trama urbana e ligados todos eles a través da ronda verde programada no mesmo.

- c. As áreas libres situadas dentro das áreas urbanas disporanse, sempre que sexa posible, de xeito que poida establecerse unha conexión entre elas, propiciando a conformación de corredores ecolóxicos.



Como se definiu no parágrafo anterior, establece unha conexión entre as áreas libres vinculadas ao solo urbano, a modo de ronda verde que desenvolverá a función de corredor ecolóxico.

d. No caso de que existan zonas con risco de asolagamento estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección das canles, evitando e diminuindo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.

O concello da Estrada posúe unha densa rede hidrográfica, a cal conleva un risco de asolagamento, para evitar estas afeccións, o Plan xeral formula unha franxa de protección asociada ás potenciais áreas de inundación como solo rústico de protección de augas e canles así como identifica a zona de policía de augas. Os terreos incluídos nesta categoría de solo ou os afectados pola zona de policía estarán regulados polo indicado no Tomo V. Normativa urbanística, a cal se axusta as prescricións establecidas na lexislación vixente.

e. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos tramados urbanos xa existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.

O Plan xeral considera preferente as actuacións que se desenvolven en continuidade coa trama urbana existente e por este motivo todos os solos urbanizables residenciais e terciarios que se programan están ligados directamente á mesma, respectando en todo caso as zonas ou espazos que deben preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais os cales están clasificados como solos rústicos de especial protección . Ademais programa a progresión de desenvolvemento destes solos no tempo, tal e como queda definido no Tomo II. Memoria xustificativa.

f. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.

O plan xeral establece modelos de ordenación urbana de densidade media que contribúen a facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias tal e como queda definido no Tomo II. Memoria xustificativa.

3.2. Determinacións para o desenvolvemento das áreas empresariais.

3.2.7. Nos parques empresariais de iniciativa pública estableceranse mecanismos que eviten a retención con fins especulativos do solo transformado. Neste senso recoméndase fixar un prazo máximo para que nese solo se inicie unha actividade produtiva.



O Plan xeral define dous parques empresarias de iniciativa pública, SUD-I21 Toedo Sur e SUD-I22 Toedo Norte, aos cales se lles asignan os correspondentes prazos máximos para o seu desenvolvemento.

3.3. Determinacións para o desenvolvemento das actividades produtivas.

3.3.3 Os plans e programas das Administracións competentes e o planeamento urbanístico establecerán como destino prioritario para os usos agrarios e gandeiros as zonas con maior produtividade, e preverán as reservas de solo necesarias para o destino á explotación forestal e cultivos enerxéticos.

O concello da Estrada beneficiase dende o ano 1959 de varios procesos de concentración parcelaria os cales afectan a amplas áreas de solo produtivo agropecuario e forestal, tal e como se reflicte no Tomo III do documento. Todas as concentracións parcelarias realizadas nos últimos dez anos e os solos de alta produtividade agrícola, gandeira ou forestal atópanse incluídos no plan xeral como solos rústicos de especial protección.

3.3.15. O planeamento municipal definirá as diferentes tipoloxías de solo rústico dentro do seu termo, atendendo aos criterios establecidos na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural e modificacións posteriores e considerando, entre outras, as delimitacións e determinacións que acheguen as administracións sectoriais con competencia nos usos inherentes á natureza deste solo rústico, establecéndose un réxime de uso no que se salvagarde a funcionalidade de cada unha das clasificacións, e o seu uso sostible.

O Plan xeral define as diferentes tipoloxías de solo rústico atendendo aos criterios establecidos na LOUG tal e como queda reflectido nos planos de ordenación (1:5.00) e xustificado no Tomo II, e define o réxime de uso que salvagardará a funcionalidade dos mesmos nos apartados correspondentes do Tomo V. Normativa urbanística.

4. AS INFRAESTRUTURAS E OS VECTORES AMBIENTAIS DO MODELO TERRITORIAL

4.1.5. Procederase de forma progresiva á eliminación de travesías e de tráfico de longo percorrido polas zonas urbanas. A execución de variantes de poboación conlevará a transferencia aos diferentes municipios daqueles tramos de estrada que foron substituídos pola nova infraestrutura no momento da súa posta en servizo e a posta en marcha de medidas de humanización.

O Concello da Estrada ten programada, e así queda reflectido nos planos de estrutura e clasificación do solo do plan xeral, a execución da Variante á N-640, feito que permitirá a transferencia da Estrada N-640 ao concello do tramo no seu paso polo núcleo urbano. Con este motivo, o Plan programa a humanización de dita travesía unha vez sexa cedida a súa titularidade e pase a ser municipal.

4.1.7. As novas vías urbanas estruturantes das cidades deberán prever a posibilidade de implantar varios modos de transporte diferentes (peonil, bicicleta, autobús, tranvía, vehículo particular), dándolle prioridade aos modos de transporte colectivo.

O Plan xeral prevé a implantación de novos modos de transporte no viario de circunvalación de nova creación que bordea o solo urbano a modo de ronda verde, o cal pretende fomentar o emprego de sistemas de mobilidade alternativos ao vehículo privado, a través da artellación dun



carril bici, da construción dunha ampla banda de beirarrúas que favoreza o tránsito a pé e a urbanización da mesma harmónica co medio, tal e como queda definido no Tomo II. Memoria xustificativa así como no Informe de Sostibilidade Ambiental.

4.1.8. O acceso ás parcelas resultantes dos novos desenvolvementos urbanísticos deberá realizarse a través de estradas ao menos de rango local. As conexións coas estradas supramunicipais se coordinará coa administración titular da vía.

Todos os ámbitos de novo desenvolvemento urbanístico posúen acceso a través de estradas ao menos de rango local. A conexión coas estradas supramunicipais foi coordinada coas administracións titulares das vías afectadas mediante os informes sectoriais pertinentes emitidos por cada unha delas.

4.3. Determinacións relativas ás infraestruturas aeroportuarias.

4.3.3. Os Plans urbanísticos dos concellos con instalacións aeroportuarias, ou afectados polas rutas aeronáuticas de aproximación e saída, establecerán as condicións de uso do solo no contorno dos aeroportos coa finalidade de evitar impactos ambientais e acústicos sobre a poboación existente e a dos posibles novos desenvolvementos como consecuencia do seu funcionamento.

O Plan xeral, como concello afectado polas rutas aeronáuticas de aproximación e saída do aeroporto de Santiago, inclúe, como resultado da coordinación co departamento de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, as servidumes aeronáuticas polas que se atopa afectado nos seus planos de Estrutura do territorio e Clasificación do solo, así como a normativa referente a ditas servidumes no Capítulo 3. Normativa de sistemas xerais pertencente ao Tomo V. Normativa urbanística.

4.6. Determinacións relativas ás infraestruturas de telecomunicacións.

4.6.3. En todo novo o desenvolvemento urbanístico preveranse condutos ou galerías subterráneas que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.

O Plan xeral establece no Capítulo 10. Normas de urbanización do Tomo V. Normativa urbanística, referentes a todo tipo de obras de urbanización, o cal inclúe todo novo desenvolvemento urbanístico, no Art. 197 Condicións das redes de telecomunicacións, que estas deberán ser soterradas, así como no Art. 133 Enerxía eléctrica e telecomunicacións do mesmo tomo, no que se regula a normativa aplicable aos sistemas xerais.

4.7. Determinacións relativas ás infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético.

4.7.2. Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento tanto eléctrico, como gas no seu caso, para o que deberán prever e cuantificar o aumento da demanda de enerxía (tanto para uso doméstico para, no seu caso, comercial e industrial).

Así mesmo, deberán ter en conta as posibilidades de conexión coas redes de transporte e distribución de enerxía, tanto preexistentes como de nova implantación, previndo corredores de infraestruturas.

O Plan xeral define as infraestruturas de abastecemento eléctrico no Anexo III. Infraestruturas de servizos técnicos do Tomo II. Dito tomo inclúe ademais no seu capítulo 12 a xustificación das conexións dos novos sectores de desenvolvemento ás infraestruturas existentes.



4.7.4. Nos novos desenvolvementos urbanísticos os tendidos e redes de instalacións enerxéticas serán subterráneas.

O Plan xeral establece no Capítulo 10. Normas de urbanización do Tomo V. Normativa urbanística, referentes a todo tipo de obras de urbanización, o cal inclúe todo novo desenvolvemento urbanístico, no Art. 196 Condicións do subministro de enerxía eléctrica, que estas deberán ser soterradas, así como no Art. 133 Enerxía eléctrica e telecomunicacións do mesmo tomo, no que se regula a normativa aplicable aos sistemas xerais.

4.8. Determinacións relativas ao ciclo integral da auga.

4.8.1 A planificación que conteña os plans e programas sectoriais, os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico deben ser acordes coa planificación hidrolóxica, considerando a auga como un sistema complexo que abrangue as augas continentais, tanto superficiais como subterráneas, as augas de transición e as costeiras, independentemente do seu tamaño e características, así como as augas moi modificadas ou augas artificiais.

O Plan xeral indica nos planos de ordenación a zona destinada ás instalacións de infraestruturas enerxéticas hidroeléctricas e os seus tramos de aproveitamento hidroeléctrico, así como as zonas indicadas como tramos de interese hidroeléctrico no Plan sectorial hidroeléctrico das concas Hidrográficas Galicia-Costa. Así mesmo regula ditas zonas no Art. 135 Infraestruturas enerxéticas. Aproveitamento hidroeléctrico do Tomo V. Normativa urbanística.

4.8.3. Para acadar estes obxectivos a planificación territorial establecerá as medidas necesarias en orde a:

- a. Establecer medidas concretas para a redución de vertidos, emisións e perdas de sustancias prioritarias e a interrupción ou supresión gradual de vertidos, que permitan garantir a redución progresiva da contaminación das augas.
- b. Respetar as zonas protexidas delimitadas.
- c. Respetar as limitacións establecidas en zonas inundables de cara a minimizar os efectos das inundacións.
- d. Garantir o subministro suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado.
- e. Contribuír a paliar os efectos das inundacións e as secas.

O Plan xeral define no Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) as medidas preventivas e correctoras para minimizar os efectos sobre o medio que virán derivados de fases posteriores á planificación (fases de urbanización e edificación) e nas que se inclúen as medidas necesarias para preservar o ciclo hídrico, así como un plan de seguimento ambiental que ten como finalidade velar para que as actuacións que se leven a cabo cumpran as medidas definidas.

4.8.4. As infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento constitúen o conxunto de elementos construídos ao servizo do ciclo integral da auga, e que engloban:

- a. A garantía de dispoñibilidade do recurso.
- b. A posibilidade da súa utilización.
- c. A captación, tratamento, transporte e distribución de auga potable.
- d. A recollida da auga residual e a súa condución ás Estacións Depuradoras.
- e. A depuración das augas residuais.



f. A reutilización ou vertido ao medio receptor nas condicións indicadas polas distintas normativas sectoriais.

g. A xestión da auga de escorrenta en redes unitarias e separativas mediante a aplicación de Técnicas de Drenaxe Urbano Sostible (TDUS), xa sexan en orixe (non estruturais e independentes da tipoloxía da rede) como augas abaixo das redes (estruturais), que serán diferentes segundo as redes sexan unitarias ou separativas.

O Plan xeral cuantifica infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento que existen no concello e programa as precisas para poder absorber o novo crecemento proposto, ademais define nos artigos 194 e 195 do Tomo V. Normativa urbanística, as condicións que deberán ter as redes de abastecemento e saneamento co fin de preservar o ciclo integral a auga.

4.8.11. Calquera novo desenvolvemento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais. Inclúiranse as TDUS (técnicas de drenaxe urbano sostible) precisas para garantir dun xeito cualitativo e cuantitativo a volta da auga pluvial ao medio receptor.

O Plan xeral establece no Capítulo 10. Normas de urbanización do Tomo V. Normativa urbanística, referentes a todo tipo de obras de urbanización, o cal inclúe todo novo desenvolvemento urbanístico, no Art. 195. Condicións da rede de saneamento, que este será por medio de sistema separativo.

Incorpórase ademais no Anexo III de Infraestruturas da Memoria Xustificativa a conveniencia de estudar a reutilización das augas pluviais e que se establezan corredores ou beirarrúas de drenaxe que faciliten a filtración e reduzan a escorrenta directa

4.8.12. As redes de evacuación de augas residuais para os novos desenvolvementos urbanísticos conducirán a elementos ou instalacións de depuración que garantan que os efluentes cumpran os límites medioambientais establecidos legalmente.

O Plan xeral establece no Capítulo 10. Normas de urbanización do Tomo V. Normativa urbanística, referentes a todo tipo de obras de urbanización, o cal inclúe todo novo desenvolvemento urbanístico, no Art. 195. Condicións da rede de saneamento, que queda prohibido calquera tipo de vertido de augas residuais a ceo aberto ou verteduras doutro tipo que non cumpran especificamente as normativas existentes de salubridade e medio ambiente, debéndose ter en conta especificamente as verteduras de tipo industrial, que en función do seu perigo deberán someterse a procesos completos ou parciais de depuración, independentes ou semiintegrados na rede xeral de saneamento.

4.8.15. O contorno dos ríos, regueiros e encoros de Galicia terán a consideración de Solo Rústico de protección das augas quedando excluído do proceso urbanizador e sometido ao réxime de uso que para esta clase de solo establece a lexislación urbanística, e limitándose especialmente os usos en zona de fluxo preferente. A delimitación deste solo rústico de especial protección de augas polo planeamento urbanístico nunha área inferior á zona de policía de augas deberá xustificarse empregando estudos e análises de asolagamento, determinados polo organismo de cunca correspondente.

O Plan xeral identifica todos os terreos definidos na lexislación reguladora das augas continentais e, en concordancia coa lexislación vixente, clasifica unha franxa de solo rústico de protección de augas en terreos situados fora dos núcleos rurais e do solo urbano, tal e como queda reflectido no Tomo II.



Memoria xustificativa. Xustifícase ademais neste tomo a categorización de cuncas primarias e secundarias que remiten a unha redución da franxa de 100m de liña de policía como solo rústico.

4.9. Determinacións relativas á xestión de residuos.

4.9.5. En coherencia coas restantes determinacións, os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico incorporarán as accións e determinacións necesarias para pular pola integración dos obxectivos e medidas contempladas sobre o metabolismo urbano do ciclo dos materiais e residuos tendentes tanto á redución do consumo de materiais como á redución na produción de residuos:

- a. Empregar materiais locais tradicionais na construción (naturais, renovables), evitando materiais de alto impacto ambiental.
- b. Reducir os movementos de terras e incluír medidas de xestión dos movementos de terras e dos seus vertidos.
- c. Reducir en xeral o consumo de materiais na edificación, incrementar o uso de materiais renovables, ou con menor consumo enerxético na súa fabricación e posta en obra, ou reciclados ou reutilizados.
- d. Establecer medidas para fomentar o emprego de materiais reciclados ou reciclables e técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmontaxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- e. Dimensionar e localizar axeitadamente os espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos.

O Plan xeral indica no seu art. 185 Ambiente Natural e paisaxe do Tomo V. Normativa urbanística que os novos ámbitos a desenvolver (Solos urbanos non consolidados e Solos urbanizables), deberán ter en conta as indicacións descritas nos apartados anteriores relativas á xestión de residuos.

7. O PATRIMONIO NATURAL

7.2. Determinacións para a ordenación das Áreas estratéxicas de conservación e corredores ecolóxicos.

7.2.2. Os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico deberán prever mecanismos de conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos, ao menos, entre as áreas estratéxicas de conservación. Para a identificación destes corredores ecolóxicos consideraranse os cursos fluviais, as áreas de montaña, e outros posibles elementos lineais que solos ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formacións de interese ecolóxico.

O Plan xeral clasifica como solo rústico de protección de elementos naturais, ademais das tres áreas incluídas nas catalogacións de carácter supramunicipal e as 15 áreas de valor ambiental que se definen no Tomo III, unhas áreas de conexión (corredoiros naturais) entre as diferentes zonas con meirande relevancia ambiental, de maneira que artellan no territorio unha rede de áreas de interese ambiental sen deixalas como illas deslocalizadas, tal e como queda definido no Tomo II, así como nos planos de ordenación.

7.2.3. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico incorporarán unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biotopos,



integrando valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico.

O Plan xeral realiza un estudio pormenorizado do elementos da paisaxe rural ademais do estudo dos valores ambientais do concello e os usos de solo agropecuario e forestal que se inclúe no Tomo III. Estudio do medio rural.

8. A PAISAXE

8.1. As Administracións Públicas integrarán, conforme aos criterios da Lei 7/2008 de 7 de xuño de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre ela.

O Plan xeral realiza un estudio pormenorizado do elementos da paisaxe rural ademais do estudo dos valores ambientais do concello e os usos de solo agropecuario e forestal que se inclúe no Tomo III. Estudio do medio rural, e ademais identifica as áreas, que coa finalidade de preservar os miradoiros naturais dende onde se divisan as vistas panorámicas do territorio, do curso dos ríos ou dos vales e dos monumentos ou edificacións de singular valor e os clasifica de solo rústico de protección paisaxística, tal e como se reflicte no Tomo II. Memoria xustificativa.

8.3. Calquera actuación sobre o territorio incluírá, no marco do proceso de avaliación ambiental, un estudo de impacto e integración paisaxística.

O Plan xeral inclúe, no documento de Informe de Sostibilidade Ambiental, un estudo de impacto e integración paisaxística.

9. O PATRIMONIO CULTURAL

9.5. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos Ámbitos de interese do patrimonio cultural relacionados no anexo IV, así como aqueloutros ámbitos susceptibles de presentar valores patrimoniais de calquera das súas manifestacións.

Particularmente deberase garantir a compatibilidade do desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas cos anteditos Ámbitos de interese do patrimonio cultural e os seus Plans especiais previstos na Lei 8/1995, do patrimonio cultural, cando corresponda.

O Plan xeral identifica todos os ámbitos de interese do patrimonio cultural, ben sexan de carácter arquitectónico ou arqueolóxico, quedando todos eles incluídos no Catálogo de bens e elementos a protexer incluído no Tomo VII do documento.

9.6. O planeamento urbanístico promoverá a revitalización urbana dos cascos históricos considerándoos como espazos emblemáticos esenciais na imaxe da cidade e como ámbitos residenciais e de actividade que deben potenciarse, dotándoos das condicións urbanísticas e de relación co resto da cidade necesarias para reforzar a súa vitalidade e atractivo. Así como a rehabilitación dos núcleos rurais de interese patrimonial.



O Concello da Estrada non posúe un casco histórico diferenciado e identificado como tal, pero si identifica e protexe todos os inmobles de interese arquitectónico existentes na trama urbana do mesmo. Ademais, identifica os núcleos rurais de interese patrimonial coa finalidade da súa conservación e rehabilitación.

9.12. O planeamento urbanístico municipal, na delimitación dos ámbitos de interese patrimonial en solo rústico, especificará as áreas ás que asignar a categoría de protección patrimonial ou histórica.

No Anexo IV das DOT se identifican como Ámbitos de Interese do Patrimonio Cultural, de carácter supraprovincial o Camiño de Santiago e no concello da Estrada, o Pazo de Oca (monumento) e a Torre de Guimarei (monumento). Todos eles se atopan incluídos no Catálogo de bens e elementos a protexer xunto co resto de elementos de interese patrimonial identificados no Concello a Estrada. O Plan define ademais os ámbitos de solo rústico e a área de protección vinculados aos mesmos, tal e como queda reflectido nos planos de ordenación (1:5.000) así como nas fichas de cada un dos elementos inventariados.

A Estrada, Xullo de 2013

Fdº Juan Angel Visier Gil

Arquitecto redactor